

CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROXECTOS DE PROBA DE CONCEPTO 2025

No B.O.E. de data 7 de xuño de 2025 publicouse o Extracto de Resolución de 5 de xuño da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación pola que se aproba a convocatoria correspondente ao ano 2025 das axudas a Proxectos de Proba de Concepto, cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos Nacional de Subvencións, con identificador BDNS: 828229

Estas axudas teñen como finalidade financiar proxectos que aceleren a transferencia de coñecemento e resultados xerados en proxectos de investigación en progreso ou recentemente finalizados do Plan Estatal , a través das modalidades de ``Proxectos de Xeración de Coñecemento``, proxectos de I+D de ``Xeración de Coñecemento`` e de proxectos de I+D+i de ``Retos Investigación``.

Os proxectos deben mostrar potencial para incorporar os seus resultados ao mercado ou para xerar valor na sociedade.

Así mesmo estas axudas están orientadas a impulsar as primeiras etapas do desenvolvemento precompetitivo e facilitar a súa aplicación práctica, como é a protección do coñecemento xerado, a análise da viabilidade técnica, comercial ou social, a obtención de prototipos tecnolóxicos, o desenvolvemento de escala piloto, as probas con usuarios finais, a definición do modelo de negocio, ou as primeiras etapas da creación dunha empresa.

Os proxectos de proba de concepto terán como obxectivo valorizar os coñecementos e resultados dos proxectos de investigación financiados nas convocatorias:

- Convocatoria 2020 de axudas a Proxectos de I+D+i, no marco dos Programas Estatais de Xeración de Coñecemento e Fortalecemento Científico e Tecnolóxico do Sistema de I+D+i e de I+D+i Orientada aos Retos da Sociedade.
- Convocatoria 2021 de axudas a ``Proxectos de Xeración de coñecemento``
- Convocatoria 2022 de axudas a ``Proxectos de Xeración de coñecemento``
- Que do proxecto de investigación non derivase un proxecto de proba de concepto financiado na convocatoria 2023 da Axencia Estatal de Investigación

A **contía máxima** destinada a financiar esta convocatoria é de **30.000.000,00** de euros.

O prazo de presentación de solicitudes é dende o **19 de xuño ata o 10 de xullo de 2025 ás 14:00 horas** (hora peninsular española).

No lateral dereito dispoñedes dun acceso á convocatoria e ao extracto da convocatoria.

LIGAZÓNS ASOCIADAS

Convocatoria axudas a proxectos ``Proba de Concepto 2025``

Extracto convocatoria axudas a proxectos ``Proba de Concepto 2025``

Fichas resumo convocatoria axudas a proxectos ``Proba de Concepto 2025``